



*Terá lugar mañá, a partir das 10.00 horas, no castelo de Santa Cruz (Oleiros)*

## **Máis de 100 axentes turísticos participan no seminario sobre turismo sostible organizado polo CEIDA**

OS DIRECTORES XERAIS DE TURISMO E PATRIMONIO CULTURAL, RUBÉN LOIS GONZÁLEZ E FELIPE ARIAS, RESPECTIVAMENTE, PARTICIPARÁN COMO RELADORES, ENTRE OUTROS

***Oleiros, 15 de febreiro de 2008.***- Arredor de 120 xestores de equipamentos de espazos naturais e de turismo rural, empresarios e profesionais da hotelaría, responsables e técnicos da administración e informadores e guías turísticos de toda Galicia, entre outros, participan mañá no seminario organizado polo Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) "O turismo sostible como alternativa de desenvolvemento local".

A xornada, que se celebrará no castelo de Santa Cruz (Oleiros), comezará as 10.00 da mañá coa benvida por parte de **Carlos Vales, director do CEIDA**, a todos os asistentes. A continuación, terá lugar unha mesa redonda coa "Situación actual e perspectivas de futuro do turismo nos espazos rurais de Galicia" como temática, e estará conformada por **Santiago Vacariza, Xefe de Área de Turismo de Turgalicia; Marisol Lorenzo, presidenta da Federación Galega de Asociacións de Turismo Rural (FEGATUR); e Cristóbal Ramírez, xornalista de La Voz de Galicia.**

Acto seguido, concretamente ás 12.15 horas, dará comezo a conferencia do **Director Xeral de Turismo, Rubén Lois González**, que versará sobre o tema central do seminario, isto é, o turismo sostible como alternativa de desenvolvemento local. Máis tarde, **Felipe Arias, o Director Xeral de Patrimonio Cultural**, disertará sobre as paisaxes culturais como patrimonio turístico de Galicia.

*O CEIDA, froito dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros, é o centro de referencia para a educación ambiental en Galicia; promove a educación ambiental en todos os sectores sociais e o intercambio científico e cultural; traballa na procura de solucións aos problemas ambientais e fomenta as boas prácticas cidadás neste eido.*

Finalmente, e xa pola tarde, **Ignacio Eguíbar, xerente do Xacobeo**; e **Rogelio Fernández, Subdirector de Espazos Naturais e Biodiversidade**, ofrecerán cadansúa conferencia sobre dous dos recursos turísticos dos que dispón Galicia, como son O Camiño de Santiago e os espazos naturais, respectivamente.

### **Obxectivos**

Noutra orde de cousas, este seminario pretende fundamentalmente divulgar e promocionar o patrimonio cultural e natural de Galicia como impulsor do desenvolvemento local e do turismo; reflexionar sobre a situación actual e os retos de futuro do turismo rural; e potenciar a participación dos distintos profesionais do turismo e da poboación local na mellora e conservación do patrimonio.

### **Colaboracións**

Finalmente, na organización do seminario colaboran a Dirección Xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, Turgalicia e Xacobeo –dependentes da primeira- e o Centro de Estudos e Investigacións Turísticas –CETUR- da Universidade de Santiago de Compostela.

Saúdos,

Gabinete de Comunicación do CEIDA

*O CEIDA, froito dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros, é o centro de referencia para a educación ambiental en Galicia; promove a educación ambiental en todos os sectores sociais e o intercambio científico e cultural; traballa na procura de solucións aos problemas ambientais e fomenta as boas prácticas cidadás neste eido.*